

I Carreira orientación “Festa dos Maíos”

A SCD Condado a través de Xesta Natureza organizará o 25 de Abril do 2026 unha proba de orientación como parte da celebración dos Maíos en Salvaterra do Miño.

Inscricións:

As inscricións a proba realizaranse a través da plataforma de inscricións da web 321go.es. Estas serán de maneira individual, en caso de participar en grupo especificar no apartado “Participas en Equipo?” o nome da equipa co que vos gustaría participar. Deberán escribir o mesmo nome nas inscricións de cada participante.

O custo das inscricións será de 8€ por participante maior de 12 anos.

Unha vez finalizada a proba daráselles un pequeno agasallo a cada participante.

Proba

A proba será de carácter non competitivo.

Poderán participar na proba de forma individual ou en equipas.

A saída estará localizada na praza de abastos da localidade.

As saídas comezarán as 11h30 da mañá de forma graduada cada minuto. Dous días antes da proba serán informados da hora de saída.

Realizarase unha recollida de tempos a través de sportident.

Categorías:

A proba contará con 3 categorías:

- Xestiñas: categoría para as mais cativas, sempre acompañadas por unha persoa adulta (esta persoa ou persoas deberán inscribirse como adultos). Sen dificultade técnica, ideal para facer en familia.
- Xestas: categoría para persoas adultas. Dificultade técnica media, é ideal para persoas que se inician no mundo da orientación ou teñen pouca experiencia.
- Xesteiras: categoría para persoas adultas. Require un nivel físico mais alto e un coñecemento de orientación medio/alto.

Material:

Aconséllase levar:

- Calzado e roupa cómoda para a realización de actividades físicas, exemplo unha andaina.
- Recipiente con auga ou outros líquidos para hidratarse.

De forma optativa pódese levar:

- Compás: Axudará a hora de orientase e de interpretar o mapa.
- Pinza sportident: No caso de non dispoñer de unha esta será prestada pola organización.